

I. DISPOSICIÓN XERAIS

MINISTERIO DE DEFENSA

2062 *Corrección de erros da Orde DEF/85/2017, do 1 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación dos centros docentes militares.*

Advertidos erros na Orde DEF/85/2017, do 1 de febreiro, pola que se aproban as normas sobre organización e funcións, réxime interior e programación dos centros docentes militares, publicada no «Boletín Oficial del Estado», suplemento en lingua galega ao número 33, do 8 de febreiro de 2017, procédese a efectuar a oportuna rectificación:

Na páxina 17, no último parágrafo:

Onde di: «2. Nas guías docentes concretarase, para cada módulo ou materia, o reflectido nos catro primeiros aspectos.»

Debe dicir: «5. Nas guías docentes concretarase para cada módulo ou materia o reflectido nos catro primeiros aspectos.»

Na páxina 18, no parágrafo décimo cuarto:

Onde di: «h) Academia de Aviación de Exército de Terra (formación/perfeccionamento).»

Debe dicir: «h) Centro de Ensino de Helicópteros (CEFAMET) (formación/perfeccionamento).»

Na páxina 19, no parágrafo décimo cuarto:

Onde di:

«5. Subsecretaría de Defensa:

- a) Academia Central da Defensa (formación e perfeccionamento).
- b) Escola Militar de Estudos Xurídicos (formación e perfeccionamento).
- c) Escola Militar de Intervención (formación e perfeccionamento).
- d) Escola Militar de Sanidade (formación e perfeccionamento).
- e) Escola de Músicas Militares (formación e perfeccionamento).
- f) Escola Militar de Idiomas (perfeccionamento).
- g) Escola Militar de Ciencias da Educación (perfeccionamento).
- h) Sección de Ensino Ecuestre (perfeccionamento).»

Debe dicir:

«a) Academia Central da Defensa (formación/perfeccionamento).

- Escola Militar de Estudos Xurídicos (formación/perfeccionamento).
- Escola Militar de Intervención (formación/perfeccionamento).
- Escola Militar de Sanidade (formación/perfeccionamento).
- Escola de Músicas Militares (formación/perfeccionamento).
- Escola Militar de Idiomas (perfeccionamento).
- Escola Militar de Ciencias da Educación (perfeccionamento).

b) Sección de Ensino Ecuestre (perfeccionamento).»

Na páxina 19, no último parágrafo:

Onde di: «a) Centro de Formación da Garda Real (formación).»

Debe dicir: «a) Centro de Formación da Garda Real (formación/perfeccionamento).»